



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Adquisición de bens a título oneroso por concurso de finca próxima aos núcleos urbanos do municipio para vivendas destinadas á poboación moza

ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2025/C006/000002

Por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do concurso para a adquisición dunha finca, conforme aos seguintes datos:

Constitúe o obxecto do contrato a adquisición dunha finca para vivendas destinadas á poboación moza que cumpra as seguintes características:

1. Proximidade aos núcleos urbanos: A finca deberá estar situada lindando con calquera dos seus lindeiros co solo urbano consolidado de Abegondo.
2. Edificación anterior a 1975: A finca deberá contar con edificacións tradicionais segundo a definición vixente no artigo 40 da lei 2/2016 do solo de Galicia.
3. Superficie da finca: A finca deberá ter unha superficie mínima superior a 10.000 metros cadrados en previsión ao desenvolvemento de un plan especial se fóra necesario.
4. Superficie das edificacións tradicionais preexistentes: 1000 metros cadrados como mínimo.
5. Clasificación urbanística: Co obxecto de reducir o impacto económico que suporía a compra de solos edificables como o solo urbano consolidado ou solo de núcleo rural, a clasificación do solo deberá ser SOLO RÚSTICO.

As ofertas presentaranse no Concello con domicilio no lugar de San Marcos nº 1- 15318 Abegondo, en horario de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial de la Provincia.

As proposicións poderán presentarse en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prego de condicións atópase a disposición das persoas interesadas na Plataforma de Contratación do Estado no seguinte enlace:

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=EUmTFHq%2FeudkQsA7ROvsg%3D%3D

Abegondo 22 de outubro de 2025

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2025/6952